

Guía de nais e pais

# NAVEGA CON RUMBO POLO CIBERESPAAZO



INTERNET


.....  
Coordinación: Xunta de Galicia.  
.....

Asesoramento técnico: Colexio Profesional de  
Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG).  
.....

Creación e contidos: SumaComunicación.  
.....

Deseño gráfico e maquetación: C&C Imagen

A World Wide Web converteuse no maior medio de comunicación da historia da Humanidade, superando mesmo a radio e a televisión. Grazas a Internet a comunicación humana evolucionou nas últimas décadas como nunca o fixera. Tamén nos nosos fogares se converteu nunha ferramenta imprescindible coa que comunicármonos. Internet representa unha oportunidade para ti e @ teu/túa fill@, un mundo de posibilidades para o lecer e a aprendizaxe pero tamén supón unha serie de riscos que ás veces poñen en entredito os seus evidentes beneficios.



Sabemos que empregas o teu sentido común, aínda así nesta guía vas atopar algunhas recomendacións que farán máis segura a navegación d@os pequen@s da casa polo ciberespazo e que che facilitarán a túa relación con el/ela.

Hai un principio común a todas elas: non se debe facer en Internet nada do que non se fai na vida real. Ti debes animalo/a a que este principio guíe o seu rumbo pola Rede.

Sempre que poidas, é recomendable que naveguedes xuntos, posto que Internet tamén ten as súas desvantaxes e riscos, como son os contidos inapropiados ou a facilidade de contacto con persoas que non son sempre son o que semellan ou din ser.

De seguido, unhas cantas recomendacións.



## **Seguridade**

Convén ter unha boa seguridade no equipo informático. O antivirus, os filtros de control de acceso á Rede e os programas de control parental son boas ferramentas para conseguir esa seguridade.

## **Establecemento de normas**

É necesario establecer cos fillos/as unhas pautas de utilización de Internet, rexistrando horarios para que a navegación por Internet non se converta na actividade principal fóra do horario escolar e marcando normas, como pode ser a de “prohibido mercar por Internet” sen consultalo cos maiores.




### **Zona de uso común**

É recomendable habilitar no fogar unha zona de uso común de Internet para facilitar a supervisión do tempo e xeito de navegación.

### **Diálogo**

É necesario fomentar o diálogo para que os rapaces comenten calquera situación incómoda ou de ciberacoso que puidesen aturar.



## *Cando chega o ciberacoso*

A través do diálogo constante co/coa teu/túa fill@, podes ter indicios ou a sospeita de que está sometid@ a maltrato ou agresións por parte de compañeir@s, o que se dá en chamar ciberacoso.

A comunicación co centro escolar é fundamental para que cese esta situación tan incómoda. O profesor/a, titor/a, xefe/a de estudos ou director/a orientarante sobre que pasos seguir para atallar o problema.

De acordo co nivel de risco, indícalle ao centro a túa intención de denunciar o caso a outras instancias xudiciais.



# Enlaces de interese

A continuación indicámosche algúns enderezos web nos que podes atopar máis información sobre como protexer aos menores dos riscos de Internet.

[www.agpd.es](http://www.agpd.es)

Inclúe información sobre os dereitos dos nenos e os deberes dos pais e nais para garantir a protección de datos.

[www.pegi.info](http://www.pegi.info)

Sistema de clasificación de xogos por idades.

[www.protegeles.com](http://www.protegeles.com)

Creada para a loita contra a pornografía infantil, dispón dunha liña de denuncia de webs con contidos inapropiados.

[www.ec.europa.eu/information\\_society/activities/sip/index\\_en.htm](http://www.ec.europa.eu/information_society/activities/sip/index_en.htm)

Información do programa Safer Internet: o fortalecemento e a protección dos menores en Internet.

[www.asociacion-acpi.org](http://www.asociacion-acpi.org)

Web da Asociación contra a Pornografía Infantil.

[www.cibercentinelas.org](http://www.cibercentinelas.org)

Cante para a loita contra a pornografía infantil e a eliminación e denuncia de contidos inaxeitados para os menores en Internet.

[www.ciberfamilias.es](http://www.ciberfamilias.es)

Sitio para pais, nais e educadores/as que queren coñecer máis sobre Internet e as medidas de seguridade para os menores.

[www.inteco.es](http://www.inteco.es)

Web do Instituto Nacional de Tecnoloxías de la Comunicación, que, entre outros contidos, inclúe unha oficina de seguridade para internautas.

[www.tecnoadiciones.com](http://www.tecnoadiciones.com)

Con información sobre as tecnoadicións e as pautas para previlas.

[www.iqua.net](http://www.iqua.net)

Web da Agencia de Calidad de Internet, creada para promover a confianza e seguridade na Rede.

[www.ciberbullying.net](http://www.ciberbullying.net)

Información sobre o ciberacoso e recomendacións para previlo e facerlle fronte.

[www.internetsinriesgos.es](http://www.internetsinriesgos.es)

Con información e recomendacións para garantir unha navegación segura pola Rede.

[www.pantallasamigas.net](http://www.pantallasamigas.net)

Promove a utilización segura e responsable das novas tecnoloxías na infancia e a adolescencia.

[www.navegaconrumbo.es](http://www.navegaconrumbo.es)

NAVEGA CON RUMBO POLO CIBERESPAGO

